

Lituania: un actor descoñecido

Pablo Penas Franco

A entrada na Unión Europea

Lituania é un país que moi poucos poderían situar con precisión no mapa hai pouco tempo, antes da súa entrada na Unión Europea. Unha república condenada ó ostracismo pola URSS, que a anexionou en contra da súa vontade. Un actor menor no teatro internacional ao que moi poucos directores recoñecerían polas contadas liñas do seu guión.

Lituania foi, dende a súa independencia da URSS, un estado proeuropeo con maiúsculas. A entón Comunidade Europea recoñeceu a súa independencia o 27 de agosto de 1991. Dende esa data as relacións foron a máis, firmando tratados que a vinculaban estreitamente coa actual Unión Europea: Tratado de cooperación comercial e económica (01/05/1992), Tratado de libre comercio (18/07/1994), Acordo europeo (12/06/1995) polo que se recoñece a intención de ingresar na Unión Europea e a candidatura oficial para a súa adhesión á UE (08/12/1995).

Lituania incorporouse tarde ás negociacións para a entrada na UE respecto do resto de países que se incorporaron en 2004, pero a pesar do seu retardo inicial cumpriu o seu obxectivo e dende o 01/05/2004 é un dos 25 estados membros. Merece mención o feito de que Lituania foi o primeiro país en ratificar o Tratado da constitución europea (11/11/2004).

A entrada na Unión Europea é un feito especialmente salientable xa que “pon en marcha unha impresionante serie de forzas ben coñecidas como a atracción de inversións estranxeiras, credibilidade nos mercados financeiros, estabilidade das regras do xogo e definición dos dereitos de propiedade, ortodoxia fiscal e monetaria que, combinados coa vantaxe comparativa que proporcionan uns custos laborais unitarios competitivos e uns mercados de traballo flexibles, están a provocar o mal chamado fenómeno da deslocalización” (Fernández e García, 2005).

Un dos obxectivos claros de Lituania, dende o seu acceso á Unión Europea, foi a adopción do euro. Semella que para o actual goberno este obxectivo xa non é prioritario porque recentemente o ministro de Finanzas, Zygmantas Balcytis, afirmou no Parlamento que o euro só poderá ser introducido en 2010 ou en data posterior, e de facelo con demasiada présa “baleirá os petos dos cidadáns xa que tanto o prezo do tabaco como da gasolina deberá subir e a maiores deberase controlar o gasto, polo que non se poderá pensar en subidas salariais, pensións ou beneficios sociais”.

Os analistas políticos non dubidan en cualificar estas declaracións, apoiadas polo primeiro ministro, como medio para tomar as impopulares decisións precisas para introducir o euro en 2010, data finalmente establecida como obxectivo no programa de converxencia aprobado en decembro de 2006.

O segundo obxectivo de Lituania na Unión Europea, a entrada na área Schengen, poderíase completar a finais de 2007, xa que o Consello de Ministros da Unión Europea aprobou o pasado 5 de decembro a “variante portuguesa”, que permitiría que os estados membros preparados accedan á área sen agardar á aplicación do SIS II (Sistema de Información Schengen de segunda xeración).

Independentemente do momento en que se acaden estes dous obxectivos, Lituania xa conseguiu un logro de difícil comprensión para aqueles que non coñezan a súa historia e que axuda a entender o seu elevado grao de europeísmo, materializado, por unha parte, pola entrada na UE e, por outra, na OTAN: a independencia da URSS.

Este obxectivo vai moito máis alá do aspecto económico e ten moito máis que ver co orgullo nacional froito dunha situación de submisión á que foron forzados durante moitos anos. A OTAN garante a defensa do país fronte a un eventual ataque ruso e a Unión Europea converteuse xa no meirande socio comercial e un doador neto de capital a través dos fondos estruturais; pero, a pesar diso, Lituania segue a depender da enerxía rusa.

Nas súas relacións con España, cómpre destacar que dende o 1 de maio de 2006, os traballadores lituanos poden desempeñar libremente no Estado español. As estimacións cifran en 50.000 os lituanos que traballan dentro das fronteiras españolas. Os seus destinos preferidos son Almería e a Comunidade Valenciana. Outro aspecto ten que ver con que España asumiu a defensa do espazo aéreo lituano dende o 1 de agosto de 2006 ata o 30 de novembro de 2006, pasando o relevo a Bélxica o pasado 1 de decembro de 2006.

A economía lituana

Lituania está a medrar a un ritmo espectacular; o crecemento nos últimos anos sempre foi, polo menos, dun 7%. A segunda previsión do crecemento en 2006 establéceo nun 7,5%, superando as previsións tanto de organismos internacionais (7,2% en 2006 segundo *The Economist*) como do propio goberno (7% en 2006).

2003	2004	2005	2006 (provisional)
10,5%	7,3%	7,6%	7,5%

Fonte: Instituto de Estadística Lituano, datos a marzo de 2007.

Respecto á propiedade pública das empresas, herdanza do sistema socialista, podemos dicir que é xa un feito histórico. A maior parte da economía está en mans privadas e o proceso de privatizacións está practicamente rematado. A creación do Fondo de Propiedades do Estado en 1998 axilizou este proceso. As privatizacións realizadas

afectan aos principais sectores: as telecomunicacións (*Lietuvos Telekomas*), a enerxía (*Mazeikiu Nafta*, *Vakaru Skirstomieji Tinklai* (VST) e *Lietuvos Dujos*), a banca (*SEB Vilniaus*, *Hansabankas*), o transporte aéreo (*Lithuanian Airlines*), entre outros.

Entre as pendentes só destaca unha empresa, *Rytu Skirstomieji Tinklai*, xunto con VST unha das dúas distribuidoras de electricidade no país. A súa privatización está en fase de estudo e espérase que pase á fase de ofertas en 2007.

- O **sector primario** caracterízase pola baixa produtividade da terra. A pesar de empregar ao 12,4% da poboación só xera o 5,8% do valor engadido⁽¹⁾ da economía. É un sector que perde importancia co paso dos anos. No terceiro trimestre de 2006, a agricultura e a gandería, debido a condicións climáticas desfavorables, descendieron un 18%, mais no resto do ano aumentaron lixeiramente. O aumento de custos e os baixos salarios desvían a inversión e a xuventude cara ás cidades. A área agrícola supón un 60,7% da superficie do país. As condicións climáticas permiten o cultivo de trigo, centeo, colza, remolacha... O pequeno tamaño das explotacións e a falta de maquinaria e persoal son os principais problemas aos que se enfrenta o sector. Cómpre destacar tamén a importancia do eido forestal, que cun 30% da superficie do país permitiu a aparición dun importante sector madeireiro. A pesca é outro sector tradicional da antiga URSS. O gandeiro reduciu á metade o número de cabezas nos anos 90. Lituania non conta con recursos minerais, excepto turba.

- O **sector secundario** sufriu un importante descenso do seu peso económico dende a independencia da URSS debido ao desenvolvemento do sector servizos. En 2006 recuperouse ata o 34,7% debido, principalmente, á industria da construción. Este sector xera o 29,7% do emprego. As empresas estatais foron privatizadas e a meirande parte das empresas actuais son PEME. Na industria química destacan os fertilizantes e están a gañar peso novos sectores como a biotecnoloxía. O téxtil é un sector ameazado pola liberalización do comercio mundial, consecuencia do acordo multifibras, xa que Lituania tiña empresas de costura para fabricantes europeos e non pode competir en custo con China. Outras industrias importantes son a madeireira, a alimentaria (principalmente carne e lácteos) e a construción, que está a experimentar un crecemento imparabile (19% en 2005, e 19,7% nominal en 2006). A industria enerxética merece mención á parte, falaremos dela no seguinte epígrafe.

- O **sector terciario** representa case o 60% do PIB⁽²⁾ e o 57,8% do emprego. Este peso amosa o grao de desenvolvemento da economía lituana, próximo ao dos países máis avanzados onde o significado do sector servizos no PIB está en torno ao 70%. O sector bancario, de propiedade escandinava, está moi avanzado. Os servizos de construción, o comercio, o turismo, a hostalería e as telecomunicacións foron o motor deste sector, potenciando o gran desenvolvemento da economía lituana. As tendencias da distribución comercial cara ás grandes superficies, a penetración das novas tecnoloxías, o aumento do gasto turístico... seguen pautas moi familiares coas

(1) Estimación a finais do ano 2006 cos datos dispoñibles en marzo de 2007.

(2) En 2005 superaba o 60%. En 2006 o sector servizos experimentou un aumento nominal pero inferior ao da industria, polo que o seu peso baixou lixeiramente.

que nos podemos sentir identificados, se ben é certo que o nivel de vida aínda non permite a equiparación do gasto co dos países máis desenvolvidos.

Podemos apreciar a evolución dos principais indicadores económicos na seguinte táboa:

Indicadores económicos			
(Datos en millóns de euros)	Ano 2006	Ano 2005	Ano 2004
PIB			
PIB (millóns de euros a prezos correntes)	23.751	20.621	18.084
Variación real	7,50	7,30	7,00
Variación nominal	15,2	13,8	10,0
Inflación			
Media anual	4,5	3,0	2,9
Fin de período	0,1	0,1	-0,1
Tipos de interese de intervención do banco central			
Media anual	3,48	3,02	2,64
Fin de período	4,06	3,25	2,69
Emprego e taxa de paro			
Poboación (x 1.000 habitantes)	3.403,3	3.414,3	3.435,6
Poboación activa	1.588,3	1.606,8	1.620,6
Taxa de paro	5,6	8,3	11,4
Déficit público (novos datos debido a cambios metodolóxicos)			
% do PIB	N/D	-0,5	-1,5
Débeda pública			
En millóns de euros	N/D	3.854,81	3.522,36
En % do PIB	N/D	18,7	19,5
Exportacións de bens			
En millóns de euros	11.240,40	9.501,56	7.477,70
Taxa de variación fronte ano anterior	18,30	27,07	21,43
Importacións de bens			
En millóns de euros	15.371,10	12.446,42	9.958,29
Taxa de variación fronte ano anterior	23,50	24,99	16,81
Saldo balanza comercial			
En millóns de euros	-4.130,70	-2.944,86	-2.480,60
En % do PIB	17,39	14,30	13,72
Saldo b. por conta corrente			
En millóns de euros	-2.727,20	-1.481,12	-1.397,57
En % do PIB	-11,48	-7,18	-7,70
Débeda externa			
En millóns de euros	12.832,99*	10.463,11	7.686,61
En % do PIB	54,03	50,82	42,51
Servizo da débeda externa			
En millóns de euros	N/D	2.082,09	1.475,66
En porcentaxe de exportacións de bens e servizos	N/D	16,60	14,90
Reservas internacionais			
En millóns de euros	4.397,60	3.215,90	2.638,10
En meses de importación de bens e servizos	3,43	4,06	3,24
Inversión estranxeira directa			
En millóns de euros	N/D	6.920,70*	4.689,70
Tipo de cambio fronte ao euro			
Media anual	3,4528	3,4528	3,4528
Fin de período	3,4528	3,4528	3,4528
Tipo de cambio fronte ao dolar			
Media anual	2,7500	2,7750	2,7622
Fin de período	2,6300	2,9102	2,5345

*Dato non comparable ao ano anterior debido á inclusión de novos datos. **N/D:** Non dispoñible.
Fonte: Informe Económico e Comercial, xullo de 2006, Oficina Económica e Comercial da Embaixada de España en Vilnius e actualización dos datos provisionais dispoñibles a marzo de 2007.

Apréciase unha mellora na calidade de vida da poboación. Dende o ano 1999 ata o 2005, Lituania subiu da 62ª á 39ª posición no Índice de Desenvolvemento Humano do PNUD. A mellora débese ao incremento do PIB por habitante (6.040 euros en 2005⁽³⁾, un 55% superior ao de 2001), á esperanza de vida e ás súas cifras de educación. O incremento do PIB fixo que Lituania pasase de ser beneficiario neto a donante neto de capital ao Banco Mundial.

Cómpre destacar que existe unha grande diferenza entre a capital e o resto do país. A provincia de Vilnius ten unha riqueza un 68% superior á do resto do país, e esta concéntrase especialmente na capital. Os salarios, pola contra, non seguen o mesmo patrón, sendo un salario en Vilnius tan só un 22 por cento superior á media, polo que, tendo en conta os elevados prezos, o traballador medio non dispón en Vilnius dun nivel de vida salientable. A maiores, a porcentaxe de xente vivindo por debaixo do limiar relativo de pobreza aumentou nos últimos anos ata case o 18%⁽⁴⁾, polo que o desenvolvemento non foi equitativo.

Os baixos salarios xeran situacións como realizar varios traballos simultáneos ou a emigración da xuventude, que vai a países europeos en busca de mellores oportunidades. O paro en Lituania é reducido: en 2005 acadou unha media do 8,3% e en 2006 continuou o descenso ata o 5,6% e está por debaixo do 10% entre os máis mozos. Este dato amosa que Lituania está achegándose rapidamente ao pleno emprego e xa é común nalgúns sectores ter problemas para atopar man de obra cualificada debido á emigración.

A nivel social atopamos datos dunha sociedade avanzada e moi consumista: os 40 coches por 100 habitantes, a media de 1,3 teléfonos móbiles por habitante e o elevado incremento do endebedamento familiar tanto para consumo⁽⁵⁾ como para a adquisición da vivenda⁽⁶⁾ non son propios dun país pobre. O endebedamento medio das familias é, a pesar disto, relativamente baixo, xa que debido á herdanza socialista o 80% da poboación ten unha vivenda en propiedade.

O problema de acceso á vivenda para os mozos é un tema que polo de agora non se lle deu a importancia precisa nun país onde un 67,5% dos traballadores cobra menos de 435 euros mensuais⁽⁷⁾ e os prezos da vivenda están preto dos españois nas principais cidades.

A redución do déficit público foi un dos maiores logros económicos do goberno. Unha serie de circunstancias favorables e o cambio no sistema de medición para axustalo aos parámetros comunitarios permitiron reduci-lo ata o 0,5% en 2005 (fronte ao 2,7% inicialmente orzamentado) e prevese mantelo moi por debaixo dos criterios de Maastricht durante os próximos anos.

(3) O valor foi corrixido á alza recentemente. O valor provisional para 2006 é de 6.993 euros *per cápita*.

(4) Versluo Zinios. 12 de decembro de 2006.

(5) De acordo co Banco Central lituano, o incremento nos préstamos para consumo concedidos nos primeiros 7 meses de 2006 foi dun 34,4% fronte ao mesmo período do ano anterior.

(6) Segundo o diario Versluo Zinios, o mercado hipotecario aumentou un 102% en 2004 e un 94,5% en 2005. En 2006 está a se reducir este crecemento pero as taxas de aumento seguen a ser moi altas.

(7) Datos do Instituto de Estatísticas Lituano en outubro de 2005. Na realidade, os salarios en Lituania son maiores do que reflicten as estatísticas pola importancia da economía mergullada. Poucos expertos atrevéanse a dar cifras respecto a esta, e os que o fan sitúana en torno ao 21% da economía pero pode ser moi superior.

A inflación pola contra, foi o grande fracaso. O elevado crecemento, o prezo do petróleo, os incrementos salariais... exercen fortes presións inflacionistas que elevaron este indicador por enriba do límite establecido por Maastricht impedindo desta forma o grande obxectivo de Lituania de adoptar o euro o 1 de xaneiro de 2007. Coa evolución actual (4,5% a finais de 2006) non parece factible que se controle a inflación a curto prazo polo que o euro deberá esperar polo menos ata 2010 ou 2011.

En 2006 destaca o elevado ascenso do déficit por conta corrente ata o 11,5% do PIB.

Cómpre destacar que a evolución de Lituania é favorable para os cálculos das axencias de investimentos. *Moody's* mellorou o *rating* lituano en setembro dende A3 ata A2 para a débeda a longo prazo e para o curto prazo subiu de P-2 a P-1 e *Standard & Poors* confirmou en marzo de 2007 os seus *rating* en A para longo prazo e A-1 para o curto.

Dependencia enerxética total

Sen dúbida, un dos maiores problemas aos que se enfrenta a economía lituana é a súa dependencia enerxética de Rusia. As tres principais fontes de enerxía supoñen un 94% do total: o petróleo representa o 50% da enerxía, seguido pola enerxía nuclear (27,9%) e o gas natural (16,1%).

O tema do **petróleo** está de actualidade pola famosa venda de *Mazeikiu Nafta*, a maior empresa lituana que conta cunha refinería de petróleo con capacidade para 10.000 millóns de toneladas anuais. A dimensión da empresa é tal que, á parte de abastecer o mercado interno con produtos refinados de petróleo, representaban a mediados de 2006, xusto antes de que comezasen os problemas de abastecemento, máis dunha quinta parte das importacións do país (22,5%) e máis dunha cuarta parte das súas exportacións (26,7%). A pesar dos problemas experimentados dende entón mantivo un peso en 2006 dun sexto das importacións e dun quinto das exportacións do país.

(millóns de euros)	2004	2005	2006
Importacións Lituania	9.958,3	12.446,4	15.371,1
Mazeikiu Nafta (8)	1.727,1	2.692,5	2.715,2
% MN / Total país	17,3%	21,6%	17,7%
Exportacións Lituania	7.477,7	9.501,6	11.240,4
Mazeikiu Nafta	1.637,5	2.329,2	2.265,4
% MN / Total país	21,9%	24,5%	20,2%

Fonte: Informe sobre Mazeikiu Nafta, Oficina Comercial de Vilnius, agosto de 2006 e actualización de datos no Instituto de Estatística Lituano a marzo de 2007.

(8) Sendo *Mazeikiu Nafta* a única refinería do país, enténdese no informe que as importacións de petróleo sen refinar e as exportacións de petróleo refinado corresponden exclusivamente a esta empresa.

Durante os últimos anos aumentou o seu refinado ata se achegar á plena capacidade en 2006. Os beneficios eran inxentes e fixo que a polaca *PKN Orlen* realizase unha OPA a finais de maio de 2006. Cando a operación parecía estar a punto de chegar a bo fin, Rusia meteu baza no asunto para impedir a venda, deixando de abastecer a refinería por un suposto problema de desfaseamento do oleoduto que a abastece. As medidas para manter a refinería en marcha pasaron pola importación de petróleo por mar, o que encareceu o custo e reduciu os beneficios da empresa.

O goberno lituano respondeu ameazando con cortar o tráfico férreo coa provincia de Kaliningrado. Mentres se sucedían unha serie de acusacións recíprocas por ambas partes, *PKN Orlen* presentou oficialmente a súa solicitude de compra á Comisión Europea o pasado 29 de setembro.

Pouco despois, cando a situación parecía recuperar a normalidade, produciuse un incendio na refinería. As causas deste incendio non foron dilucidadas pola comisión de investigación, que non descarta nin un fallo na central nin unha sabotaxe. O que si se sabe é que as perdas directas ascenderon a unha cantidade cifrada entre 18 e 38 millóns de euros e a refinería estará ao 55% de capacidade mentres duren as reparacións, estimadas ata xullo de 2007.

Este feito non botou para atrás a *PKN Orlen* na compra. Tras recibir a autorización da UE o 7 de novembro e, tras a emisión por parte de goberno lituano dunha norma pola que as empresas enerxéticas non poden ser controladas por empresas do mesmo país que prové a enerxía, finalmente esta produciuse o pasado 14 de decembro.

O motivo da intervención rusa está relacionado co feito de que de non producirse a venda á empresa polaca, podería ter pasado a mans de algunha empresa rusa. Moscova segue tendo o poder de afectar aos resultados da empresa xa que é o petróleo ruso o que abastece tanto á refinería lituana como ao seu novo propietario (*PKN Orlen* non ten extracción na actualidade e importa o petróleo de Rusia).

Respecto á **enerxía nuclear**, a central de Ignalina xeraba o 80% da electricidade do país e a de máis baixo custo, convertendo a Lituania nun exportador neto de electricidade. Como consecuencia das negociacións de adhesión á UE, o 31 de decembro de 2004 produciuse o peche do primeiro reactor e o do segundo ten un prazo límite ata o 31 de decembro de 2009.

Tras o peche do primeiro reactor, a xeración de electricidade en 2005 baixou aproximadamente nun 25% no conxunto do país. A pesar disto, o segundo reactor aínda produce o 70% da enerxía eléctrica e estímase que no momento do peche estará ao redor do 60%; isto implicará un aumento dos prezos da electricidade, a redución da súa exportación e unha maior dependencia do gas ruso para xerar enerxía eléctrica.

A UE admite que esta medida supón un esforzo superior ao normal para Lituania, polo que lle concedeu un fondo especial dotado con 285 millóns de euros para o período 2004-2006 e de 865 millóns de euros para o período 2007-2013 como compensación polo peche da central. As medidas para compensar o peche de Ignali-

na non son, polo momento, esperanzadoras. É certo que a continuidade enerxética está garantida coa construción da nova central nuclear, pero ata que sexa unha realidade pasarán polo menos 10 anos e durante este tempo a situación enerxética de Lituania empeorará.

Nos últimos tempos fálase da creación dun “inversor nacional” constituído por *Lietuvos Energija*, *VST* e *RST* e con propiedade do Estado dun 51% das accións para a realización dos proxectos da central nuclear (Lituania terá un 34% no proxecto, no que tamén participarán Letonia, Estonia e poida que Polonia) e das pontes de enerxía eléctrica.

O gas está controlado polo xigante ruso *Gazprom* dende a privatización da empresa pública *Lietuvos Dujos* en 2004. No inverno 2006-07 subiron os prezos un 27,5% (de 156 a 195 dólares por mil metros cúbicos) e poderían subir aínda máis para achegalos aos prezos de mercado do resto de Europa, o que repercutirá especialmente nas familias de ingresos baixos, nun país onde o consumo de gas para a calefacción supón unha elevada porcentaxe da renda. O posible problema de abastecemento, debido ás tensións con Belarus, non se chegou a producir. En marzo de 2007 aprobouse unha nova lei para controlar o prezo máximo do gas. A previsión tras a aprobación da nova lei é que o prezo aumente entre un 20% e un 30%.

Eliminando a enerxía nuclear da ecuación inicial dende 2009, independentemente da propiedade da refinería de *Mazeikiu Nafta*, Rusia terá un poder sobre o sector enerxético lituano que lembrará ao da época da URSS, xa que controlará as dúas fontes principais de enerxía: o petróleo (abastecemento) e o gas (abastecemento e distribución).

As tensas relacións de Lituania fan que a situación enerxética se poida considerar catastrófica. As futuras pontes da rede eléctrica con Polonia, Estonia e Suecia axudarían a reducir a dependencia enerxética de Rusia. Os principais avances neste tema son a participación no accionariado dun 25% no proxecto *Estlink* por parte de *Lietuvos Energija* e o acordo acadado entre *Lietuvos Energija* e *Polski Sieci Elektroenergetyczne* o 8 de decembro de 2006 para o tramo polaco. Máis estes avances son, ata agora, insuficientes.

Comercio dende e cara Lituania

Debido ao pequeno tamaño do mercado interno, Lituania ten unha produción limitada e abastécese con moitos produtos de fóra, polo que a súa balanza comercial é deficitaria. O grado de apertura do país⁽⁹⁾ é superior ao 100%.

A Unión Europea é o meirande socio comercial cun 63,1% das exportacións e un 62,42% das importacións lituanas en 2006. Por países, Rusia é o principal abastecedor (case un 25% das importacións lituanas) pola importancia

(9) Importacións + Exportacións / PIB.

do petróleo e tamén o principal destino das exportacións (12,8%). Alemaña é o seguinte socio, cun 14,8% das importacións e un 8,7% das exportacións en 2006. O comercio cos países da UE máis achegados é tamén moi relevante, mentres que o dos países Comunidade de Estados Independentes (CEI) é cada vez menor, agás Rusia.

No comercio con España destaca o pouco peso que ten Lituania; tan só o 0,09% do comercio exterior en 2006. As importacións españolas céntranse no petróleo. En 2006, máis do 1% das importacións españolas de petróleo procedían de Lituania (representando aproximadamente un 45% das importacións españolas procedentes deste país).

Pola súa banda, as exportacións están máis diversificadas e abarcan dende maquinaria e automóbiles ata froitas, peixe, plásticos, produtos cerámicos e agroalimentarios, roupa e viños. As exportacións españolas caracterízanse por altibaixos durante os últimos anos pero a presenza de empresas españolas no mercado lituano é claramente expansiva.

Desafortunadamente, esta presenza é só exportadora. As empresas atopan en xeral un distribuidor para vender os seus produtos pero as realmente implantadas en Lituania son moi poucas e pertencen aos sectores de enxeñería e consultoría. Non obstante, atopamos algunhas excepcións como *Zara* e *Mango* que contan con distribuidor local pero mantendo a súa imaxe de marca, o que fai que non aparezan nas estatísticas de IED, pero de cara ao consumidor están presentes con personalidade propia no mercado lituano.

Na Oficina Comercial de Vilnius tamén constatamos un crecente interese pola inversión, especialmente no sector inmobiliario, aínda que de momento se trata principalmente de tomas de contacto co país e a maioría dos proxectos aínda non se materializaron. O ano 2007 arrancou coa presenza de algunhas empresas españolas no país. Para fomentar a inversión en Lituania está previsto realizar un foro sectorial a finais de novembro de 2007.

Lituania como destino de investimento

O informe *Ernst and Young European Attractiveness Survey 2006* resulta esclarecedor sobre a situación de Lituania como destino de investimento global. Nun informe no que se destaca a área de Europa do Leste, Lituania non se cita nin unha soa vez, o que amosa o descoñecemento que se ten do país.

A Axencia Lituana de Desenvolvemento (LDA) publica datos crecentes de inversión acumulada, pero o certo é que a inversión anual non está a aumentar dende 2002, coa excepción de 2006, ano en que, a pesar de haber cifras contraditorias ata o de agora, sabemos con certeza que o investimento se disparou debido fundamentalmente á venda de *Mazeikiu Nafta* e non a unha tendencia xeral da inversión estranxeira no país.

No último foro de inversores co Goberno⁽¹⁰⁾ este falou de medidas como o “3 x 18”, un obxectivo que consistiría en acadar unha taxa impositiva común para o IVE, IRPF e o IS cifrada nun 18%, medida que os mesmos promotores non dubidan en cualificar como demasiado optimista.

O presidente do foro sacou á luz problemas cos que se enfrontan as empresas no día a día como o acceso á man de obra cualificada ou o acceso á terra (problema agravado por unha lexislación que promove a especulación) e fixo énfase en que cun aumento de salarios superior ao crecemento económico están a perder competitividade⁽¹¹⁾. Outros problemas que mencionou foron a falta de incentivos ao I+D, a necesidade de reforma do sistema educativo, a excesiva burocracia e, segundo os empresarios, o excesivo custo dos seguros sociais dos traballadores (que ascenden, para eles, a un 31% do salario).

Lituania non está a ser, a pesar das fortes exencións fiscais, un país competitivo na atracción de investimento estranxeiro. Poida que o principal motivo sexa o excesivo enfoque económico das vantaxes para as empresas, que fiscalmente obterán exencións elevadas pero que non verán satisfeitas as súas necesidades de man de obra (polo éxodo de traballadores e o encarecemento a un ritmo do 10% anual), infraestruturas, servizos...

Coa recente entrada de Romanía e Bulgaria na UE, a man de obra encareceuse comparativamente aínda máis, e Lituania terá que asumir que xa non conta coas mesmas vantaxes en custo de produción, un argumento que esgrimen con frecuencia para atraer inversores. Tamén cómpre destacar que, a pesar de ser un país fácil para facer negocios, a protección do inversor é limitada⁽¹²⁾.

Con esta situación e coas empresas estatais privatizadas, o maior atractivo para o investimento é, actualmente, a realización de proxectos subvencionados con fondos comunitarios.

Lituania recibirá aproximadamente 10.400 millóns de euros no período 2007-13. As empresas consultoras terán grandes oportunidades para definir as características técnicas dos grandes proxectos. As empresas de enxeñería, as de creación e xestión de infraestruturas... deberían estar especialmente pendentes das oportunidades que aparecerán durante este período.

No sector enerxético destaca o proxecto da nova central nuclear que se espera construír en 2016-17 cun custo de máis de 3.000 millóns de euros, ademais de proxectos para alternativas á central actual e do seu desmantelamento. Existen tamén, por suposto, oportunidades en sectores como o inmobiliario e o turístico.

(10) “Business Environment and Investment Climate in Lithuania”, (2006), foro de inversións de empresarios lituanos co Goberno, 3ª edición celebrada o 10 de outubro de 2006.

(11) O Fondo Monetario Internacional tamén avisou ao Goberno lituano respecto a este feito.

(12) Segundo o informe *Doing Business in 2007* do Banco Mundial, Lituania ocupa a 15ª posición na facilidade para facer negocios mentres que só ten 5,3 puntos (sobre 10) no apartado de protección do inversor.

O sistema político e o penúltimo goberno dunha longa lista

Se comezamos definindo a Lituania como un actor descoñecido, a obra política poderíase considerar unha comedia de non ser pola súa transcendencia, o que converte o escenario do país nun drama. Un drama dende o punto de vista da corrupción, dos escándalos constantes... aos que se ven sometidos tódolos partidos.

Sen embargo, é paradoxal que a pesares dos continuos escándalos e cambios de goberno, a estabilidade administrativa do país é moi alta. Parece existir un consenso entre as principais forzas políticas respecto ás principais políticas do país. Ademais, as institucións probaron o seu funcionamento normal e transparente no proceso de destitución do anterior goberno tras o “escándalo dos privilexios”.

O sistema político lituano ten como base a constitución de 25 de outubro de 1992 e garante o reparto de poderes. O Presidente elíxese por sufraxio universal durante un período de 5 anos, asume a representación do país e é o xefe supremo dos exércitos. O Parlamento (Seimas) é un órgano unicameral depositario da soberanía popular, composto por 141 deputados elixidos por 4 anos por un criterio mixto de representación proporcional para a metade dos deputados e maioritario, por distritos unipersoais, para a outra metade. A máxima autoridade do poder executivo é o Primeiro Ministro, nomeado polo presidente coa aprobación do Seimas.

A xustiza exerce a Corte Suprema, o Tribunal de Apelación, os Tribunais de Distrito e os de primeira instancia.

En 2004 produciuse o cesamento do presidente Rolandas Paksas por vínculos co empresario ruso Borisov. As eleccións presidenciais celebráronse o 13 de xuño deste mesmo ano; resultou vencedor en segunda volta o ex-presidente Adamkus fronte a Kazimiera Prunskiene (actual ministra de Agricultura). Adamkus presentouse como candidato independente aínda que co apoio da centrodereita. O Parlamento tivo que aprobar unha emenda á Lei electoral para que o ex-presidente Paksas non se volvесе a presentar tras a súa destitución (este amparábase en que a constitución non o prohíbe).

As últimas eleccións lexislativas, de outubro de 2004, caracterizáronse polo triunfo dun novo partido, o Partido do Traballo, creado polo influínte home de negocios Víctor Uspaskich, ministro de Economía ata maio de 2005, data en que se viu forzado a dimitir por acusacións de corrupción e abuso de poder, comezando o seu auto-exilio en Rusia, onde acaba de ser atopado. Solicitou asilo (na actualidade ten nacionalidade lituana) e tras denegárenlla intentou volver á escena política presentándose ás eleccións municipais de febreiro de 2007 (os alcaldes teñen inmunidade) pero a súa estratexia foi rexeitada polo Tribunal Supremo que ditou sentenza en contra de Uspaskich sen lle conceder dereito a apelación.

A composición do Seimas variou totalmente nas últimas eleccións, nas que só repetiron 58 dos 141 membros. Ademais, xa experimentou varios cambios dende entón debido á mudanza de partido de moitos dos seus membros. O partido máis afectado foi o Partido do Traballo, que perdeu a maioría inicial. O Partido Democra-

cia Civil foi formado por unha das escisións do Partido do Traballo e actualmente o seu líder, Viktoras Muntianas, é o presidente do Seimas.

O anterior goberno, formado por unha coalición de catro partidos (Partido do Traballo, Socialdemócrata, Social-liberal e Unión dos Agricultores e Nova Democracia) afrontou problemas debidos aos escándalos de corrupción e tráfico de influencias en que se viron envoltos algúns dos seus membros, incluído o primeiro ministro Algirdas Brazauskas. Finalmente o proceso de declive rematou co troco de goberno, que excluíu ao Partido do Traballo.

O actual primeiro ministro, Gediminas Kirkilas, é o 14º nos 15 anos dende a independencia da URSS e preside o primeiro goberno en minoría. Dada a inestabilidade governamental non se descarta a posibilidade de eleccións anticipadas, aínda que o goberno podería aguantar pola falta de alternativas actuais.

A situación en Lituania favorece claramente o xurdimento de novos movementos que cun discurso populista poden acadar resultados moi positivos xa que non hai unha clase política cunha ideoloxía consolidada. É unha democracia nova que está a experimentar algúns problemas froito da súa falta de madurez. O cambio parece ser unha constante pero o obxectivo do cambio non é tan claro ao carecer de alternativas.

Conclusións e perspectivas futuras

A entrada na UE abre a porta á entrada de capital estranxeiro e ao desenvolvemento futuro. Os fondos comunitarios suporán unha entrada inxente de capital e garantirán o necesario desenvolvemento das infraestruturas. A entrada no euro, con todo, deberá agardar polo menos ata 2010.

Unha mellora da política social (que parece ter comezado coa redución do IRPF ata o 27% en xullo de 2006) podería frear o éxodo de traballadores e moderar os incrementos salariais, condición necesaria, aínda que non suficiente, para a atracción de fortes investimentos.

É necesario, por último, que apareza unha clase política capaz de liderar o país, coa forza e o valor precisos para afrontar os problemas económicos e non pospoñelos pasándoos ao seguinte goberno, que de seguir a evolución actual terá unha esperanza de vida de un ano e por tanto poucos incentivos para aplicar unha política antipopular que beneficie ao país no longo prazo pero que prexudicaría nos resultados electorais a curto.

Pablo Penas Franco é analista de mercado na Oficina Económica e comercial da Embaixada de España en Vilnius. Colabora con varias revistas e ocasionalmente imparte docencia na área de Comercio Internacional.

Nota: Este artigo foi publicado orixinalmente en marzo de 2007 no Boletín de Información Comercial Española número 2.903, dispoñible en <http://www.revistasice.com/>. A versión orixinal está actualizada a 28 de decembro de 2006. Nesta actualizáronse algúns datos a 27 de marzo de 2007.

Bibliografía

- Banco Mundial (2006), *Doing Business in 2007*, documento publicado en Internet en <http://www.worldbank.org/>.
- Current Affairs Brief*, resumo de prensa diario en inglés dos principais medios de comunicación do país recibido por correo electrónico, seguimento diario dende xuño de 2006.
- ELTA, axencia de noticias, seguimento do resumo de prensa diario en inglés dos principais medios do país.
- Ernst & Young, (2006), *Ernst and Young European Attractiveness Survey 2006*, investigación realizada pola empresa de investigación de mercados CSA, xuño de 2006, publicado en Internet en <http://www.ey.com/>.
- FERNÁNDEZ, F. e GARCÍA, J. (2005): *La presencia española en la Europa de la Ampliación*, capítulo 11 da publicación *España y la nueva arquitectura económica y financiera internacional*, Fundación de Estudios Financeiros.
- Oficina Económica e Comercial da Embaixada de España en Vilnius, (2006), *Guía país: Lituania, 2006*, Vilnius, publicada en <http://www.oficinascomerciales.es/>.
- Oficina Económica e Comercial da Embaixada de España en Vilnius, (2006), *Informe Económico y Comercial: Lituania. 2006*, Vilnius, publicado en Internet en <http://www.oficinascomerciales.es/>.
- PAŠKEVICIUS, V. (2006): *Lithuanian Power System and Perspectives*, presentación en powerpoint realizada por Lietuvos Energija AB, 26 de abril de 2006, Vilnius.
- Penas, P. (2006): *Informe sobre Mazeikiu Nafta*, Oficina Económica e Comercial da Embaixada de España en Vilnius, 31 de agosto de 2006, documento interno.
- Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (2005), *Human Development Report 2005*, publicado en Internet en <http://hdr.undp.org/>.

Páxinas web:

- Axencia de Desenvolvemento Lituana (<http://www.businesslithuania.com/>). Información sobre inversións.
- Baltic Business News (<http://www.balticbusinessnews.com/>). Portal de noticias sobre diversos países entre os que se inclúe Lituania.
- Banco Central Lituano (<http://www.lb.lt/>). Datos financeiros sobre Lituania e sobre o endebamento das familias.
- Instituto de Estatísticas Lituano (<http://www.stat.gov.lt/>). A páxina web conta cunha inxente cantidade de información económica, estatística, social... que se empregou para este artigo.
- Fondo de propiedades do Estado (<http://www.vtf.lt/>). Información sobre privatizacións.